


## Capela de San Pedro

050030

### Datos de Localización

Capela

<b>Nomenclator:</b>	3207702
<b>Coord. UTM:</b>	<b>X:</b> 60314995 <b>Y:</b> 466762019
<b>Concello:</b>	Sandiás
<b>Parroquia:</b>	PIÑEIRA DE ARCOS
<b>Lugar:</b>	Arcos
<b>Tipoloxía:</b>	Arquitectura Religiosa
<b>Tipo:</b>	Capelas
<b>Subtipo:</b>	Capela
<b>Denominación:</b>	Capela de San Pedro
<b>Etaqa Histórica:</b>	Idade Moderna
<b>Estilo relevante</b>	Popular



### Outros Estilos:

### Descrición:

As primeiras noticias documentais que se teñen desta capela arrancan de finais do século XVII, por esas datas a ermida xa non reunía as mellores condicións para o culto. Houbo entón que emprender unhas obras de reformas que correron a cargo dun particular, así se desprende dunha nota de 1683 (Libro 35.8.13., fol.20V<sup>o</sup>); *"allandose toda la feligresia junta al ofertorio de la missa acordaron en que la capilla de san Pedro sita en esta feligresia por estar indecente y ser muy pequeña para celebrarse los oficios divinos en las festividades del santo si acaso avia algun devoto que a su costa quisiese componerla... visto por Don Pedro Perez vecino de Zadagos dijo tomaria a su cargo el componerla como lo ha hecho alargandola bastantisimamente poniendole cavildo faiandola toda de nuevo y rasgando el arco todo de calidad que esta decentemente"*.

Pronto o edificio se verá inmerso nunhas novas obras, pero nesta ocasión de maior envergadura. Estan datadas nos anos 20 do século XVIII (Libro 35.8.13., fol.45); *"Memoria de los gastos que tuvo la redificacion de la capilla de Señor San Pedro que se hizo toda ella de nuevo por quenta de dichos alcances"*.

*Mas pago de mi orden a francisco Rodriguez maestro pedrero que rehedificó la capilla del señor san Pedro toda de nuevo ochocientos y quarenta y dos reales de que tiene recibo.*

*Mas al mesmo por losar la capilla mayor, o prebiterio hazer el altar y peana de canteria labrada, y las dos columnas para el cavildo dar cal a la capilla por adentro de paleta y por afuera a la morisca en que se ocupo desde el dia dos de junio de 724 el y otros dos ofiziales asta el dia catorze de julio que son veinte y seis dias, los dos a tres reales y medio y el otro a tres reales a secas ymportan, duzientos y quinze reales".* Aparte unha serie de gastos menores para madeiras etc. A estas obras debe facer referencia unha das inscricións que alberga o edificio enriba da porta. A súa interpretación é dificultosa debido a que as letras foron repintadas e manipuladas.

Na visita parroquial do ano 1729 (Libro 35.8.14., fol.46V<sup>o</sup>), a pesar de que se fala de que a igrexa está recién reedificada, afírmase que se atopa indecente por carecer de retablo. O bispo mándalle ós feligreses que acometan esta obra e para iso fagan un reparto entre sí para afrontar ó custo do mesmo. Recorda a súa Ilustrísima que as obras da canteiría da ermida non foran pagadas a costa dos feligreses, senon das primicias. Esta encomenda da visita debeu ser pouco escoitada polos veciños xa que na posterior de 1734 (Libro 35.8.14., fol.49) vólvese a facer fincapé neste aspecto.

Na capela rezan outras dúas datas relacionadas con melloras na ermida, unhs delas está cita o ano 1930, onde se di que o templo foi reedificado a conta do pobo. Na outra inscrición -localizada debaixo da espadana- reza o ano 1983.

O edificio presenta pranta rectangular e os muros érguense a base de cachotería encintada, intercalando en ocasións perpiaños. Na fachada ábreanse tres vans alintelados de consideración: a porta de acceso e unha fiestra cadrada a cada lado. Presenta sinxela espadana sobre basamento con listeis no arranque da volta do arco. O conxunto aparece coroado por unha cruz latina pétreo cos brazos de sección cadrada. Recentemente foi engadido un cabido de madeira. Cuberta a dúas augas con tella romana.

**DOCUMENTACIÓN:**

- Ficha do catálogo do planeamento urbanístico do concello de Sandiás. Clave de identificación: AR-7.
- Ficha do Inventario do Patrimonio Arquitectónico de Interés Histórico Artístico do Ministerio de Cultura.
- A.H.D.OU.
  - Libro 35.8.13
  - Libro 35.8.14

**Características Construtivas**

**Plantas:** Baixa

**Edif. Anexas:**

**Mat. Fachada:**

**Mat. Estrutura:** Granito

**Mat. Cuberta:** Tella

**Elementos singulare**

**Construtivos:**

**Decorativos:**

**Delimitación do Ben e da contorna**

**Situación:** Outros

**Area de Protección:** 100m.

**Protección**

**Tipo de ben:** Inventariado

**Proposta de tipo de ben:**

**Estado de Tramitación:** Declarado

**Nivel de Protección Arq.:** Integral

**Proposta Nivel de Protección Arq.**

**Grao de Protección Arq.:** -----

**Proposta Grao de Protección Arq.** -----

**Xustificación da Protección:**

**Titularidade**

**Polígono:**

**Parcela:**

## Conservación-Intervención

Estado de Conservació Bo

Uso Actual: Relixioso

### Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

## Bens Mobles

---

